

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E DE HONRA(<http://sede.vilagarcia.gal>)**  
CELEBRADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE  
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS  
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
DONA SONIA OUTÓN CASAL  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ M<sup>a</sup> ABALO PÉREZ  
DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO  
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO  
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ  
DONA ANA M<sup>a</sup> GRANJA GUILLÁN  
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE  
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL  
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA  
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ  
DONA MARÍA MOSQUERA LEAL  
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ  
DONA LUCÍA CESAR VELOSO  
D. MIGEL ALVES LAGO

Non asiste:

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

SECRETARIA  
DONA ROSA LOSADA SUÁREZ  
INTERVENTORA  
DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 24 de febreiro de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Entrega a título póstumo da distinción de Fillo Adoptivo a D. Santiago Iglesias Pedrido.

**1.- ENTREGA A TÍTULO PÓSTUMO DA DISTINCIÓN DE FILLO ADOPTIVO A D. SANTIAGO IGLESIAS PEDRIDO:**

Pola Sra. Secretaría dase lectura ao acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 28 de decembro de 2017 do seguinte teor:

**"7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, DE NOMEAMENTO A TÍTULO PÓSTUMO, DE D. SANTIAGO IGLESIAS PEDRIDO COMO FILLO ADOPTIVO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP, coa data de 19 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 28 de decembro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

**"Nomeamento institucional, a título póstumo, de Don Santiago Iglesias Pedrido como "Fillo Adoptivo" de Vilagarcía de Arousa"**

EXPOÑEN

Don Santiago Iglesias Pedrido naceu en Roxos (Santiago) o 24 de decembro de 1938 no seo dunha familia humilde e traballadora. Comenzou os seus estudos na escola ós 6 anos e rematou ós 14, xusto no momento en que empezaba a súa carreira profesional como aprendiz de mecánica, faceta que compaxinaba coa escola de artes e oficios no tuno de noite.

No ano 1961, á idade de 21 anos, trasládase de Vilagarcía de Arousa, onde se asentaría definitivamente nesta cidade ata á actualidade. Máis de medio século de actividade e vida en Vilagarcía na que pouco a pouco se converteu nun empresario de recoñecido prestixio. Actualmente o Grupo Junquera (que leva ese nome porque a primeira parcela onde se estableceu a empresa é o que hoxe coñecemos como Parque da Xunqueira), nas súas catro divisións relacionadas co sector da automoción, mantén arredor de 150 postos de traballo directos en nómina e moitos outros de xeito indirecto que aportan emprego, actividade e importancia empresarial a Vilagarcía.

Pero sen dúbida o que diferencia á figura de Don Santiago Iglesias Pedrido doutros moitos empresarios foi sempre a súa profunda aposta persoal e decidida de respaldo a colectivos sociais e deportivos. É este un factor diferencial, tanto polo número de asociacións que se viron beneficiadas como pola súa diversidade durante todos estes anos de actividade na cidade.

O perfil de benefactor, protector e filántropo é público e notorio no seu recordo, e así o poden corroborar, entre outras, entidades adicadas ós fins sociais tan recoñecidas como:

- Cáritas Interparroquial
- Cruz Roja
- Asilo Divina Pastora
- Amigos de Galicia
- Asociación Ayuda Contra el Cáncer
- Médicos Sin Fronteras
- Bombeiros Unidos
- Asociación Lar

Do mesmo xeito, e tal e como defendeu no seu discurso de agradecemento cando foi merecedor do Galardón Grelo de Ouro, “o Deporte sempre foi un valor importante, polo que sempre apoiei e apoiarei a clubs e entidades, e así axudar a facer unha xuventude sá, traballadora e comprometida coa sociedade”.

Nesta vertente de protector e colaborador con diferentes deportistas e entidades destacan, entre outros:

- Arousa S.C.
- Cortegada
- CLB
- C.B. Vilagarcía

E eventos como:

- Arousa Cup
- Arousa Fútbol – 7

Ademais, o apoio a festas e celebracións na cidade sempre foi unha máxima. Destacou o respaldo e a axuda a eventos como a Cabalgata de Reis, a Festa da Auga ou o Entroido, fundándose unha peña que leva o nome da empresa La Junquera.

O pasado 29 de novembro falecía en Vilagarcía Don Santiago Iglesias, ós 78 anos de idade. Tras unha longa traxectoria como membro destacado da sociedade vilagarcía, reúne os preceptos necesarios para ser merecedor da concesión de honores e distinción de “Fillo Adoptivo de Vilagarcía de Arousa”, neste caso, a título póstumo, polos méritos anteriormente relatados e por levar sempre con orgullo o nome desta cidade alá onde fose.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa conceda a Don Santiago Iglesias Pedrido a distinción de “Fillo Adoptivo” a título póstumo desta cidade pola súa relevancia na sociedade vilagarcía, pola súa traxectoria profesional e pola súa recoñecida laboura de apoio a entidades sociais e deportivas.

Asdo. Ana Granja – Concelleira do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes dos grupos municipais do PP e PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do BNG, EU, e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

**ACÓRDASE:**

1) Conceder a Don Santiago Iglesias Pedrido a distinción de “Fillo Adoptivo” a título póstumo desta cidade pola súa relevancia na sociedade vilagarcía, pola súa traxectoria profesional e pola súa recoñecida laboura de apoio a entidades sociais e deportivas.

2) Convocar unha sesión solemne do Pleno da Corporación para realizar a entrega da distinción.

A continuación procédese a realizar o seguinte:

- Imposición da insignia de Ouro da Cidade polo Sr. Alcalde ao fillo de D. Santiago Iglesias Pedrido.

- Entrega de peana acreditativa polo Sr. Alcalde ao fillo de D. Santiago Iglesias Pedrido.

- Entrega de Diploma acreditativo polo Sr. Alcalde á viúva de D. Santiago Iglesias Pedrido.

- Lectura por parte do fillo de D. Santiago Iglesias Pedrido do texto escrito no Libro de Honra.

- Discurso do Sr. Alcalde:

Dignísimas autoridades, exalcaldes, compañeiros de corporación, familiares de Santiago Iglesias Pedrido, amigos e amigas todos:

Día de Noiteboa de 1938. En Compostela, na aldea de Silvouta, ás beiras do Sar que tantas veces cantara Rosalía, existe unha casa modesta. Nela viven un home, obreiro de profesión, e unha muller, que se dedica ás tarefas do fogar. O matrimonio chegará a ter catro fillos, tres deles terán que emigrar. Fóra vai frío, pode que chova –é Día de Noiteboa-, pero hai un rapaz, ao que chamarán Jesús Santiago, que pugna por saír do interior da súa nai e ver qué se coce no mundo, aínda que nese momento non era unha cousa precisamente bonita de ver. Pero así comezou a aventura –a súa primeira aventura- Santiago Iglesias Pedrido.

Conto isto porque non hai texto sen contexto. E é o contexto o que explica, ao meu parecer, por que Santiago Iglesias foi como foi e fixo o que fixo. Unha persoa que, como Pando ou Paratcha, aos que rendemos homenaxe hai apenas catro meses, tamén foi un dos nosos. E quero incidir nesta idea porque, en realidade, o recoñecemento–ben merecido- non deixa de ser unha homenaxe aos vilagarcíans no seu conxunto: a Vilagarcía de hoxe construírona, día a día, xeración tras xeración, moitos homes e mulleres; uns coñecidos e recoñecidos socialmente –é o caso de don Santiago- e outros –os máis- anónimos, pero igual de importantes que os primeiros. Porque, en definitiva, a Vilagarcía que queremos non se pode entender sen a suma de todos. Naceran na mesmísima praza de Galicia ou nunha aldea de Compostela. Por iso é tan importante ter en conta o contexto.

Din quenes coñeceron a Santiago Iglesias que foi un home de carácter, serio e esixente, pero tamén xeneroso, humilde e ata, cando tocaba, divertido. Coñecendo a súa traxectoria, non é difícil de comprender –penso- tan curiosa combinación. Con toda probabilidade, don Santiago non foi perfecto, coma todos. Agora ben, para non chegar a santo, ser fillo adoptivo da cidade que te acolleu, tampouco está mal: por algo se empeza, e don Santiago sabíao ben.

En calquera caso, o que está claro é que Santiago Iglesias foi un exemplo de que con tesón e sacrificio pódese acadar case calquera meta que nos propoñamos. E, ademais, sen esquecer nunca cales foron as súas orixes: aquela modesta casa de Silvouta, aqueles primeiros anos de aprendiz nos Autocares Celta, aquel primeiro soldo de 6 pesetas, aquela primeira chegada a Vilagarcía da man dun ourensán que tamén terminou por ser outro dos nosos, Adolfo Llovo... E quizais por iso o seu “leit motiv” de estar sempre alí onde os necesitados o necesitaban, así se chamase Fundación de Amigos de Galicia, Cáritas, Fundación Lar ou os máis diversos clubs deportivos.

Moitos anos de que se inventase iso das startups e da Responsabilidade Social Corporativa, xa don Santiago soubera interpretar perfectamente qué significa ser emprendedor, pero, sobre todo, qué supón a responsabilidade –cando non compromiso vital- de compartir cos demais algo do logrado co éxito propio; un éxito, que, por outra parte, só sería posible coa colaboración dos demais. E tamén iso sabíao ben don Santiago:

“Siempre consideré –dixo un día- que el tiempo es inexorable, y que a todos nos va a sobrar más de lo que nos hace falta. Por eso mi compromiso y el de mi familia con las personas que lo necesitan y las entidades que los atiendan, que precisan que se les ayude”.

Esta lección de vida, que non estaría de mais recordala de cando en vez, deixóunola Santiago Iglesias non moito antes de falecer, cando se dispoñía a disfrutar doutra Noiteboa, ben distinta á de 1938.

Ao longo dos seus case 79 anos, don Santiago viu cumpridos algúns soños, como levantar un grupo empresarial dende abaixo ou formar unha envexable rede familiar e de amigos, despois de 50 anos xunto á súa inseparable Elvira. Pero tamén viviu algunhas frustracións, como ver que o seu fillo Santi non puido seguir a súa estela, e en verdade que ía polo bo camiño: non había máis que velo no cabalgata de Reis, no Entroido o en San Roque.

Así que, Fernando, non che queda nada para manter vivo ese espírito... Estou de seguro de que así será, e de feito xa o estades demostrando, porque Grupo La Junquera segue estando aí onde o reclaman, formando parte da “marca Vilagarcía”.

Agora ben, cando digo Fernando, digo tamén Óscar, Adrián, Yago e Martín. Que si un día podemos conceder un título de fillo adoptivo, a ver por que non imos poder nomear un neto predilecto... se reúne os méritos suficientes, claro... que gratis, gratis xa vos digo que non é: iso esixe moito sacrificio e moito compromiso coa vosa cidade. E aí tedes o exemplo do voso pai e avó.

San Agustín dicía que só había tres camiños para chegar á verdade. O primeiro era a humildade; o segundo, a humildade; e o terceiro, a humildade. Bastantes anos máis tarde o maquiavélico Nicolás de Maquiavelo engadiría que “non son os títulos os que honran aos homes, senón que son os homes quen honran os seus títulos”.

Penso que Santiago así o fixo, aínda moito antes de recibir tales distincións. Así que conclúo xa, e para iso nada mellor que volver ao principio, á aldea de Silvouta: Hoxe é o día de Santiago, pero tamén o de Rosalía, ambos unidos polas beiras do Sar. Por iso, quizais non veña mal lembrar aqueles versos da nosa poetisa, que ben poderían resumir moito do que don Santiago foi e fixo:

“Non me espriqueei cal quixera  
pois son de espricansa pouca;  
si grasia en cantar non teño  
o amor da patria me afoga.

Eu cantar, cantar, cantei,  
a gracia non era moita.  
¡Mais que faser, desdichada,  
si non nacín máis graciosa!”

Alí onde esteas, Santiago, moitas grazas polo teu afogado amor a esta pequena patria da que,  
dende hoxe e con todo merecemento, xa es fillo adoptivo.

Grazas.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente  
acta e eu, Secretaria, dou fe.